

D^a. M^a de Los Ángeles Longa Portabales, en calidade de Secretaria da Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Arousa, con enderezo en Avda. Rodrigo de Mendoza, s/n, 36.600 Vilagarcía de Arousa e CIF G-70196597, Secretaria,

CERTIFICA:

Na reunión extraordinaria da Xunta Directiva celebrada o 23 de abril de 2026, asistiron os seguintes membros da Xunta Directiva:

SRES. ASISTENTES:

- Preside a reunión D. Miguel Ángel Iglesias Romero en representación da Confraría de Pescadores Virxe do Carme de Rianxo.
- Secretaria: Ante a dificultade da secretaria Dna. M^a de los Angeles Longa Portabales de acudir na hora sinalada por causa xustificada a Xunta Directiva designa por unanimidade a Milagros Rey Pérez para o exercicio de dita función.

Vogais:

- D. Fernando Abraldes Pérez en representación do concello de Ribeira
- D^a María José Vales Martínez, en representación de Mulleres Salgadas, Asociación de Mulleres do Mar de Arousa.
- Dna. Milagros Rey Pérez en representación de la asociación AMBAR.
- D. Miguel Rodríguez Comojo en representación de ASPROMERI.
- D. Juan José Rial Millán en representación da Confraría de Pescadores San Xulián da Illa de Arousa
- D. Rosalino Díaz Calo en representación da Cofradía de Vilanova de Arousa.
- D. Enrique Maceiras Fernández en representación da Confraría de Pescadores de Pobra do Caramiñal.

NON ASISTIRON OS SEGUINTE MEMBROS DA XUNTA DIRECTIVA:

- D. José Besada Garrido en representación de Emgrobes.
- D. Ramón Collazo Mosquera en representación da Asociación Galega de Carpintería de Ribeira.



- D. José Ramón Romero García en representación do Concello de Boiro.
- D. Luis Arosa García en representación do Concello da Illa de Arousa.
- D. Joaquín Santos Pérez en representación da Confraría de Pescadores de Vilaxoán.
- D. Samuel Lago Ozón en representación do concello de Cambados.

Asiste tamén con voz pero sen voto Rosa Carballo Martínez, como Xerente do GALP.

E co quórum suficiente en base aos estatutos, tomáronse os seguintes acordos, nos respectivos puntos da orde do día que indícanse de seguido:

2º.- ALEGACIÓNS Á PROPOSTA PROVISIONAL DE PROXECTOS DA CONVOCATORIA 2026 E APROBACIÓN DA PROPOSTA DEFINITIVA DE CONCESIÓN DE AXUDAS.

Faise constar expresamente que durante a exposición, análise e debate non participaron aquelas persoas que manifestaran algún tipo de conflito de interese sobre algún/s dos proxectos e que presentaran por escrito nos que puideran ter conflito de interese que se achega anexo a esta táboa.

Presentaron alegación ao baremo acadado polo expediente PE155A-2026-00005 presentado pola Cofradía de Pescadores do Grove, "Modernización de equipamentos na Cofradía do Grove", na fase de exposición pública.

A Xerente explica que o proxecto encóntrase encadrado no obxectivo Valor engadido, mellorando con él a vida útil do produto mediante a súa conservación (Furgoneta isoterma) e facilitándose a súa produción mediante o cribado do substrato (Criba), sendo isto puntuado nos apartados de posta en valor do produto, conservación e uso eficiente dos recursos, mellora de xestión da gobernanza dos recursos mariño.

A alegación consiste sobra a puntuación obtida en Innovación (3.2) e apartado do Patrimonio (7)

Con respecto da innovación a Xerente do GALP considera que o equipamento adquirido non supón unha innovación dado que xa foi subvencionado polo GALP en anos anteriores ou utilizados de forma xeralizada nos bancos marisqueiros da zona. E con respecto a Patrimonio, considérase que non aplica percibir puntuación, seguindo o mesmo criterio para todas as confrarías ou entidades solicitantes de subvención que encontrase nas mesmas condicións, dado que o proxecto non



consiste nunha posta en valor do patrimonio cultural inmaterial, nin se desenvolven actividades para a súa divulgación ou posta en valor.

Polo exposto, a Xerente do GALP ratifícase en non contemplar puntuación no apartado 3.2 Innovación en calquera fase da cadea de produción e subministración dos produtos da pesca, marisqueo ou acuicultura de orixe local, e no apartado 7 Patrimonio e cultura mariñeira.

CONCLUSIÓN:

A xerente do GALP Ría de Arousa **ratifica a súa proposta**, por non encontrar ningún erro nin ningún novo elemento que considere que respalde un cambio de criterio do inicialmente establecido con respecto a puntuación acadada **polo expediente PE155A-2026-00005 presentada pola Confraría de O Grove.**

A Xunta Directiva acorda por unanimidade desestimar as alegacións presentadas pola Confraría de Pescadores do Grove segundo o informe motivado aportado pola Xerente e que se presenta de xeito resumido neste punto da orde do día. Dito informe procede a archivarase xunto ao expediente do proxecto.

A Xerente informa aos membros da Xunta Directiva que a resposta será comunicada ao promotor.

3º.- PROPOSTA DEFINITIVA DE PROXECTOS DA CONVOCATORIA 2026

Procédese por todos os asistentes a cubrir o documento de ausencia de conflito de interese, ou de existencia de conflito de interese, e recóllense os documentos.

Aquela/s persoa/s que manifestaron existencia de conflito de interese con algún proxecto de esta convocatoria de 2025 advírteselle/s que deberán saír da sala, cando se proceda a debater sobre os seus expedientes.

De seguido, indícanse as táboas dos proxectos segundo a orde de prelación pola puntuación obtida.

PARTIDA 760:

Código Expte	Tipo I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00134	I	CONCELLO DE RIBEIRA	P15****0H	BLUE ATLANTIC FORUM	159,95
PE155A-2026-	I	CONCELLO DA POBRA	P15****0J	A MEMORIA DO MAR DA	139,9



00027		DO CARAMIÑAL		POBRA: POSTA EN VALOR DA HISTORIA LOCAL VINCULADA AO MAR	
PE155A-2026-00126	I	MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS RIA DE AROUSA ZONA NORTE	P15****8E	+ QUE PRODUTOS. UNHA POSTA EN VALOR DOS PRODUTOS DO MAR NA GASTRONOMÍA EN BARBANZA	129,5
PE155A-2026-00178	C	COFRADÍA DE PESCADORES DE CARRIL SANTIAGO APÓSTOL , CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	G36****13 , P36****0B	MULLERES QUE CONSERVAN	129,4

PARTIDA 770:

Código Expte	Tipo I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00040	I	ASTILLEROS DE AGUIÑO SA	A15****53	NUEVA INFRAESTRUCTURA PARA LA REPARACIÓN DE BUQUES DE LA PESCA Y ACUICULTURA	165
PE155A-2026-00169	I	CONSERVAS A LUIRA SL	B13****87	MODERNIZACIÓN PROCESO DE ESTUCHADO PARA MEJORA VALOR AÑADIDO DEL PRODUCTO	160
PE155A-2026-00207	I	ASOCIACION AMBAR	G15****34	Ecosistema de vivendas inclusivas e servizos de apoio á vida en comunidade. P1	159
PE155A-2026-00070	I	BENITO FERNANDEZ E HIJOS SA	A36****79	MEJORA SOSTENIBLE DEL SUMINISTRO DE LA OSTRA Y OTROS MOLUSCOS: VEHICULO ECO	150



PE155A-2026-00100	I	RUTAS RIAS BAIXAS SL	B94****29	MOTORIZ@	145
PE155A-2026-00010	I	REAL CONSERVERA ESPAÑOLA SL	B36****19	Sala de Catas e Interpretación do Patrimonio Conserveiro da Ría de Arousa	139,8
PE155A-2026-00160	I	GRUPO ENVIMAR NW, SL	B70****17	ADQUISICION DE UN EQUIPO PARA MELLORA E AUMENTO DE PRODUCCION.	130
PE155A-2026-00106	I	PESCADOS MONCHO, S.L.	B15****52	EQUIPAMENTO PARA PALETIZADO DE CAIXAS PARA MELLORAR A COMPETITIVIDADE	129,9
PE155A-2026-00002	I	SAN VICENTE TURISTICO SOCIEDAD LIMITADA	B36****42	APARTAMENTOS VILLA GALIA	129
PE155A-2026-00140	I	AMARE TURISMO NAUTICO SL	B94****67	Rutas accesibles de turismo mariñeiro interpretativo na Ría Arousa TURMAR-AROUSA	124
PE155A-2026-00158	I	ANTONIO VAZQUEZ BETANZOS	354****0F	REHABILITACION DE EDIFICACION TRADICIONAL PARA PENSIÓN	97

PARTIDA 780:

Código Expte.	Tipo I/C	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Puntos
PE155A-2026-00157	I	ASPROMERI	G15****09	Reforzo do sistema colectivo de control e trazabilidade do mexillón	159,9
PE155A-2026-00006	I	ASOCIACION CULTURAL FORO DOS RECURSOS MARIÑOS E DA ACUICULTURA DAS RIAS GALEGAS	G15****23	ORGANIZACION FOROACUI 2026	149,8



PE155A-2026-00028	I	COFRADIA PESCADORES CARREIRA AGUIÑO	G15****20	Servizo e apoio á xestión sostible, vixilancia, control, apoio loxístico e mello	149,7
PE155A-2026-00077	I	COFRADIA DE PESCADORES DE CAMBADOS SAN ANTONIO	G36****47	ADQUISICIÓN CAMIÓN ISOTÉRMICO Y EMBARCACIÓN. MEJORA PROCESOS, EFICIENCIA ENERGÉTICA	149,6
PE155A-2026-00026	I	ASOCIACION MEXILLOEIRA RIANXEIRA	G15****80	INFRAESTRUCTURA COLECTIVA PARA MELLORA DO CONTROL DO MEXILLÓN DA RIA DE AROUSA	149,5
PE155A-2026-00005	I	COFRADIA DE PESCADORES DO GROVE SAN MARTÍN	G36****44	Modernización de equipamentos na Cofradía do Grove	140
PE155A-2026-00176	I	POSITO DE PESCADORES DE RIANXO	G15****42	MELLORA DA EFICIENCIA ENERXETICA E ACCESIBILIDADE DA CONFRARÍA DE RIANXO	129,8
PE155A-2026-00017	I	COFRADIA DE PESCADORES DE CARRIL SANTIAGO APÓSTOL	G36****13	ESPACIO DE DIVULGACIÓN DO PATRIMONIO AMBIENTAL MARIÑEIRO DE CARRIL	129,7
PE155A-2026-00196	I	COFRADIA DE PESCADORES DE VILAXOAN VIRGEN DEL ROSARIO	G36****54	EQUIPAMIENTO INFORMÁTICO	129,6
PE155A-2026-00051	C	ASOCIACION AMICOS, COFRADÍA DE PESCADORES DE CARRIL SANTIAGO APÓSTOL	G15****78 , G36****13	SABORÍA - Sabores que incluyen, Mar que Une	120
PE155A-2026-00174	C	CLUB REMO CABO DE CRUZ	G15****10	BANCADA & SAL	119,9
PE155A-2026-00053	I	ASO.SLOW FOOD COMPOSTELA	G70****27	SLOW FISH RÍA DE AROUSA	119,8



ANEXO II

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL DESESTIMACIÓN DE AXUDAS

Código Expte.	Tipo Proxecto	Solicitante/s	NIF	Denominación proxecto	Motivo desestimación
PE155A-2026-00001	I	CLUB NAUTICO DEPORTIVO DE SANTA EUGENIA DE RIVEIRA	G15****52	Mirador NAUTICO	Inadmitido por non aportar a documentación mínima Artigo 17 da Orde de bases
PE155A-2026-00078	I	CLUB NAUTICO ISLA DE LA TOJA	G27****87	Acondicionamiento y mejora de infraestructuras en tierra del Club Náutico Isla d	Inadmitido por non aportar a documentación mínima Artigo 17 da Orde de bases
PE155A-2026-00094	I	ASOC AROUSA COLIBRI	G09****51	DIVULGAR O MAR	Desestimado por non responder ao requirimento
PE155A-2026-00144	C	CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA	P36****0B	MULLERES QUE CONSERVAN	Inadmitido por non aportar a documentación mínima Artigo 17 da Orde de bases
PE155A-2026-00148	I	CONCELLO DE BOIRO	P15****0J	OS TRABALLOS DO MAR. O PAPEL DE MULLER NA PESCA E ACUICULTURA.	Inadmitido por non aportar a documentación mínima Artigo 17 da Orde de bases
PE155A-2026-00179	I	COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN	G36****54	EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	Renuncia ao proxecto
PE155A-2026-00210	I	ASOCIACION CULTURAL TANQUE DE ZINC	G27****35	Circuito Escolar de Títeres "PEIXE FRESCO DO DÍA" _Ría de Arousa	Renuncia ao proxecto
PE155A-2026-00217	I	WENCESLAO VIDAL EIRAS	354****8P	DEL MAR AL MUNDO DIGITAL	Desestimado por non responder ao requirimento



PE155A-2026-00226	I	KAMBI GALICIA SL	B56****18	UN OCÉANO POR DESCOBRIR: ECOTURISMO CIENTÍFICO E MOBILIDADE SOSTIBLE	Inadmitido por non aportar a documentación mínima Artigo 17 da Orde de bases
-------------------	---	------------------	-----------	---	--

Unha vez revisados os proxectos das partidas orzamentaria 760, 770 e 780 e, **coa salvedade do sinalado no parágrafo de conflito de interese**, a Xunta Directiva do GALP Ría de Arousa aproba por unanimidade, a priorización dos proxectos presentados e que se acompaña a esta certificación.

Por outro lado, o promotor PESCADOS MONCHO S.L. presentou en data 10/04/2026 solicitude para a redución do importe subvencionable, xa que por motivos estruturais non poderán acometer a totalidade da inversión. Salvo este importe, modificado a instancia do promotor, a proposta definitiva da Xunta Directiva coincide coa proposta inicial realizada polo Equipo Técnico.

A Xunta Directiva do GALP Ría de Arousa, aproba por unanimidade a proposta de Resolución Definitiva para a convocatoria 2026 que se achega a esta acta.

Acórdase que se proceda á publicación esta proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina www.galp.xunta.gal.

Esta proposta definitiva xunto con este certificado enviarase á Consellería do Mar, e publicarase no Taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web www.galp.xunta.gal coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos.

Faise constar expresamente que: O reparto do crédito da convocatoria realizarase de acordo co artigo 2.2 da orde de bases.

A asignación de crédito farase de conformidade co artigo 21.4.

* Achégase copia das táboas correspondentes ao ANEXO I, 760, 770, 780 definitivas, nas que se inclúen os proxectos que neste momento non dispoñen de crédito suficiente para atender ás solicitudes de xeito completo, e o ANEXO II proxectos desestimados.





Xacobeo 2027



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos
Europeos

Asinan o presente certificado en Vilagarcía de Arousa, a Secretaria do GALP Ría de Arousa M^a de los Ángeles Longa Portabales, co V^o e Prace do Presidente D. Miguel Ángel Iglesias Romero, na data que consta na sinatura.

